



CONCELLO DE TUI
Concellería de Patrimonio

AXUDAS PARA COMPRA DE VIVENDA NO CENTRO HISTÓRICO DE TUI

PERSOAS BENEFICIARIAS

- Persoas físicas maiores de idade, que **adquiran unha vivenda construída** (nova, usada ou que vaia ser obxecto de rehabilitación) no **ámbito do Plan Especial de Protección Histórico-Artístico de Tui**.

REQUISITOS XERAIS

- Ter subscrito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 un **contrato privado** ou, se é o caso, unha **escritura pública de adquisición** dunha vivenda.
- Estar **empadroado** na vivenda, ou en caso de rehabilitación, **empadroarse no momento da finalización das obras**.
- **Ingresos anuais da unidade de convivencia: ata 6,5 veces o IPREM**.
- Compromiso de que a vivenda vai constituír a súa residencia habitual e permanente por un prazo de, polo menos, cinco anos.
- A persoa solicitante e demais persoas da súa unidade de convivencia **non poderán ser propietarias ou usufrutuarias doutra vivenda no territorio español**. *
- O **prezo de adquisición da vivenda será como máximo** o previsto para as vivendas de protección autonómica de réxime concertado situadas na **zona I do Decreto 402/2009**, do 22 de outubro, computando unha superficie útil de 120 m².

CONTÍA DAS AXUDAS **

- **Menores de 35 anos, ata 12.800 €**, como máx. o 20% do prezo da vivenda.
- **Maiores de 35 anos, ata 10.800 €**, como máx. o 20% do prezo da vivenda.



CONCELLO DE TUI
Concellería de Patrimonio

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- **Anexo I**, de solicitude.
- **Anexo II**, de declaración de composición da unidade de convivencia.
- **Anexo III**, de declaración da persoa solicitante e unidade de convivencia. En caso de non presentar a declaración de IRPF, acompañarase, en cada caso:
 - Certificado de retribucións e retención de empresas.
 - Certificado de pensións ou prestacións.
- **Escritura pública** da adquisición da vivenda, **ou contrato privado de adquisición de vivenda**, no caso de non dispoñer da primeira.
- **Informe técnico** acreditativo de que a vivenda adquirida non é susceptible de ser habitada, sen acometer as pertinentes obras de rehabilitación.
- **Certificado de empadramento de todas as persoas empadroadas** na vivenda, salvo que a vivenda sexa para rehabilitar.
- **Certificado** emitido polo concello de que a **vivenda está situada no ámbito dun centro histórico**.

SOLICITUDES, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- En formato papel: Portelo Rexistro Concello Tui.
- Vía electrónica (<https://sede.xunta.gal>), no procedemento **VI400A**.
- **Prazo de solicitude: Ata o 01/09/2021**, ou esgotamento de crédito.
- **Prazo de xustificación: Ata o 30/11/2021**.

Resolución do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición de vivenda nos centros históricos_ (DOG nº 50 do 15 de marzo de 2021).

Corrección de erros. Extracto da Resolución do 25 de febreiro de 2021_ (DOG nº 51 do 16 de marzo de 2021).

Corrección de erros. Extracto da Resolución do 25 de febreiro de 2021_ (DOG nº 53 do 18 de marzo de 2021).

* Exceptúase se se acredita non ter dispoñibilidade desa vivenda en propiedade.

** En caso de adquisición por máis dunha persoa, a axuda que pode recibir cada un deles determinarase aplicando a contía da axuda que lle correspondería no suposto de ter adquirido o 100% da vivenda. Cada unha das persoas deberá facer a súa correspondente solicitude.

OFICINA DE REHABILITACIÓN DO CONCELLO DE TUI
Praza do Concello, nº1 36700 TUI
986 60 36 25 – Ext. 34
ari@tui.gal